

## ACORDO DE ADHESIÓN DO INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA (INEGA) AO V CONVENIO ÚNICO DO PERSOAL LABORAL DA XUNTA DE GALICIA

O Consello de Administración do Instituto Enerxético de Galicia, na súa xuntanza do 30 de decembro de 2014 acordou aprobar, logo da súa inclusión na orde do día da Mesa Xeral de Empregados Públicos do 15/12/2014 e unha vez aprobado pola Comisión de Persoal da Xunta de Galicia na súa reunión do 18/12/2014, contando co informe favorable conxunto da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos e da Dirección Xeral da Función Pública, o seguinte ACORDO:

En Santiago de Compostela, a 15 de decembro de 2014, reúnese na sede do INEGA a comisión negociadora do convenio colectivo do Instituto Enerxético de Galicia composta polas seguintes persoas:

En representación do Inega, segundo resolución de 5 de novembro de 2014 do director do ente:

José Alfonso Marnotes González, vicesecretario xeral da Consellería de Economía e Industria.

Pablo Casal Espido, xerente do Inega.

Juan Carlos Pernas Maques, xefe do servizo de persoal e asuntos xerais da Consellería de Economía e Industria.

Os delegados do persoal do Inega:

Juan Tomás del Puerto Vilas (CC.OO.)

José Manuel Vidal Regueira (CC.OO.)

Carlos Nogueira Diz (UXT)

### EXPOÑEN

A Disposición Transitoria Terceira 5 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia establece a conversión do ente nunha Axencia pública autonómica.

O Decreto 129/2012, do 31 de maio, polo que se regula o réxime aplicable a persoal das entidades instrumentais integrantes do sector público autonómico de Galicia que sexan obxecto de creación, adaptación ou extinción sinala que o persoal das entidades públicas instrumentais poderá ser, persoal funcionario ou laboral da Xunta de Galicia e establece un proceso para a integración do persoal existente e a súa homologación de retribucións.

Asemade, a Disposición Adicional Terceira do Decreto 129/2012 obriga á Administración xeral ou os órganos de goberno competentes das entidades do sector público autonómico a iniciar os procedementos establecidos na lexislación laboral para, logo de consulta cos representantes legais dos traballadores, modificar as condicións de traballo ou retributivas coa finalidade da súa homologación ás aplicables ao persoal laboral da Xunta de Galicia, naqueles supostos en que a aplicación das medidas contidas no decreto para os supostos de extinción ou adaptación de entidades determinen que finalmente a Administración xeral ou as entidades do sector público autonómico se subroguen de acordo co establecido no Estatuto dos traballadores para a sucesión de empresa en condicións diferentes ou retribucións superiores das comúns para o persoal laboral da Xunta de Galicia.

Logo da denuncia do convenio vixente pola dirección do INEGA, constituíuse unha comisión negociadora do novo convenio colectivo ao abeiro do artigos 88 e seguintes do Estatuto dos Traballadores.

Na pasada reunión do día 21 de novembro de 2014 (acta núm. 3), da comisión negociadora, expresouse a vontade das partes de acordar a adhesión do INEGA ao contido das cláusulas do convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia estando afectado o INEGA polo convenio colectivo en vigor.

Segundo consta na citada acta núm. 3, este acordo de adhesión quedaba supeditado á aprobación do Consello de Administración do INEGA e, en todo caso, ao informe previo e favorable dos centros

directivos competentes en materia de orzamentos e de función pública e dos órganos de negociación colectiva no ámbito da función pública.

Co obxecto de establecer a adhesión do INEGA ao contido das cláusulas do convenio colectivo do persoal laboral da Xunta de Galicia, regular a forma en que debe producirse a adhesión e establecer as previsións necesarias para adaptar a súa aplicación ás peculiaridades organizativas do INEGA, así como regular **con carácter transitorio determinados aspectos, as partes acordan:**

**PRIMEIRO.**– O presente acordo colectivo establece e regula as normas polas que se rexerán as relacións de carácter xurídico-laboral entre o Instituto Enerxético de Galicia (en adiante Inega) e o persoal que, suxeito á lexislación laboral, preste os seus servizos baixo a súa dependencia.

Así mesmo, integrárase no presente convenio o persoal laboral que con posterioridade á súa publicación pase a depender do Instituto Enerxético de Galicia.

Queda excluído do ámbito deste convenio:

– O persoal de alta dirección.

O persoal laboral vinculado contractualmente coa Xunta de Galicia ou calquera outra entidade de dereito público vinculadas ou dependentes da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, que en base a unha posible colaboración entre institucións, presten os seus servizos de maneira temporal nas dependencias do Inega.

O ámbito territorial será a provincia da Coruña.

**SEGUNDO.**– Coas particularidades previstas no seguinte acordo, o ente público Instituto Enerxético de Galicia (INEGA) adhírese ao contido das cláusulas do convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia (en adiante, convenio Xunta de Galicia), publicado no DOG núm. 213, do 3 de novembro de 2008, con efectos dende o 1 de xaneiro de 2015. Queda sen efecto o vixente convenio colectivo do Instituto Enerxético de Galicia (en adiante convenio INEGA), suscrito o día 19 de novembro de 2010 (Boletín Provincial de A Coruña n.º 41, do 1 de marzo de 2011).

Esta adhesión non supón a adquisición da condición de persoal laboral ao servizo da Xunta de Galicia e estenderase de xeito automático a todos aqueles acordos que estean vixentes ou adopten os órganos competentes en desenvolvemento e interpretación do convenio colectivo para o persoal laboral da Xunta de Galicia, así como de cantas modificacións sobre el se acorden para o persoal laboral ao servizo da Xunta de Galicia.

As referencias que no convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia se fagan á relación de postos de traballo e ao persoal laboral da Xunta de Galicia, deberán entenderse feitas ao cadro de persoal e ao persoal laboral do INEGA, respectivamente.

**TERCEIRO.**–As condicións económicas (entre elas, a estrutura salarial e as contías do salario, antigüidade e demais complementos) serán exclusivamente as previstas no presente acordo e no capítulo VIII do convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia quedando suprimida calquera outra prevista en anteriores acordos colectivos ou contratos de traballo, nomeadamente a antigüidade.

A equiparación entre as categorías salariais do convenio do INEGA vixente e o convenio da Xunta de Galicia serán as seguintes:

CONVENIO COLECTIVO INEGA	CONVENIO C. XUNTA DE GALICIA
Grupo I	Grupo I (titulados/as superiores)
Grupo II	Grupo II (titulados/as de grao medio)
Grupo III	Grupo III (Especialistas e encargados/as)
Grupo IV (ordenanza-condutor)	Grupo IV. Oficiais de 2.ª administrativos e oficiais de 2.ª

Grupo V	Grupo V. Persoal subalterno, de vixilancia e de servizos específicos non titulados
---------	--

**CUARTO.**– Mantéñense os complementos de dispoñibilidade horaria e responsabilidade previstos no actual cadro de persoal ao coincidiren no convenio colectivo da Xunta de Galicia, agás as contías.

A contía do complemento de dispoñibilidade horaria será a prevista no convenio colectivo da Xunta de Galicia.

A contía correspondente ao complemento de responsabilidade (artigo 26.3b do convenio colectivo Xunta de Galicia) calcularase do seguinte xeito:

- Os postos de xefatura de área terán asignado un complemento de responsabilidade equivalente á diferenza entre o salario dos grupos I do convenio e un posto de traballo de xefe de servizo subgrupo A1 na administración xeral da Xunta de Galicia con nivel de complemento de destino 28. Actualmente a diferenza é de 12.351,50 euros anuais.
- As xefaturas de unidade terán asignado un complemento de responsabilidade equivalente á diferenza entre o salario do grupo I do convenio e un posto de traballo de xefe de sección do subgrupo A1 na administración xeral da Xunta de Galicia con nivel de complemento de destino 25. Actualmente a diferenza é de 5.765,32 euros anuais. No caso de que o posto de xefe de unidade sexa ocupado por persoal do grupo II as súas retribucións corresponderán ao persoal da administración xeral da Xunta do grupo A2 con nivel de complemento de destino 25.
- Os postos de traballo de técnico I, grupos I e II, terán asignado un complemento de responsabilidade equivalente á diferenza entre o salario do grupo I e II respectivamente, do convenio e un posto de traballo grupo A1 ou A2, respectivamente, na Administración xeral da Xunta de Galicia con nivel de complemento de destino 22. Actualmente a diferenza é de 1.481,75 euros anuais para o A1 e de 4.098,82 euros anuais para o A2
- Técnico II (Grupo III) terán asignado un complemento de responsabilidade equivalente á diferenza entre o salario do grupo III (categorías 1 a 59) do convenio e un posto de traballo Grupo C1 na Administración xeral da Xunta de Galicia con nivel de complemento de destino 20. Actualmente a diferenza é de 2.054,12 euros anuais.

**QUINTO.**– Os incrementos ou diminucións derivados da homologación retributiva a que se refire este acordo aplicaranse de xeito gradual, nun período de 3 anos (2015 a 2017) rematando o 31 de decembro de 2017, a razón dun 25% anual, de modo que na nómina de xaneiro de 2018 a homologación será completa, alcanzándose nesta data as retribucións indicadas no punto CUARTO. Ao persoal laboral fixo procedente do INEGA que, en virtude do proceso previsto no Decreto 129/2012, do 31 de maio, se integre como persoal laboral da Xunta de Galicia se lle respectará ad personam e como condición máis beneficiosa a redución progresiva ata o 31 de decembro de 2017, nos termos recollidos no acordo.

**SEXTO.**– 1. O cadro de persoal ou, no seu caso, a relación de postos de traballo da Axencia resultante da adaptación do INEGA ao previsto na Lei 16/2010, do 26 de decembro, manterá o número de postos de traballo existentes no momento da sinatura do presente acordo.

2.– O persoal laboral do INEGA conservará os dereitos previstos na Disposición Transitoria Cuarta do convenio colectivo do INEGA ata

agora vixente. No cadro de persoal ou, no seu caso, na relación de postos de traballo, farase constar que os postos ocupados por tal persoal están afectados aos respectivos procesos de consolidación.

3.– Ao persoal laboral procedente da sociedade anónima de Gestión Enerxética de Galicia (GESTENGA, S.A.) que desenvolve funcións no INEGA por sucesión de empresa e que foi contratado con anterioridade á entrada en vigor da Lei 10/1996, ou con posterioridade á mesma de acordo cos principios de igualdade, mérito e capacidade, para unha praza de persoal laboral fixo, manterá a súa condición de persoal laboral do INEGA a extinguir. No cadro de persoal ou, no seu caso, na relación de postos de traballo, farase constar tal circunstancia quedando tales postos como ocupados por persoal laboral a extinguir e non se poderán amortizar nin incluír en concursos ou procesos selectivos mentres estean ocupados por un dos/as traballadores/as indicados (persoal laboral do Inega a extinguir). Todo o anterior enténdese sen prexuízo do disposto no Decreto 129/2012, do 31 de maio, sobre a integración como persoal laboral da Xunta de Galicia dos traballadores que cumpran cos requisitos establecidos.

4.– Non se procederá á extinción de ningún contrato de traballo dende a entrada en vigor do presente acordo e durante os anos 2015 e 2016, e en ningún caso antes da transformación do ente en Axencia Pública, integración do persoal que corresponda, elaboración e aprobación da correspondente relación de postos de traballo, e cobertura regulamentaria do posto mediante concurso de traslados ou proceso selectivo.

**SÉPTIMO.**– A vixencia deste convenio será a do convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia ou convenio que o substitúa.

De se producir a denuncia do presente acordo, as condicións laborais no V convenio colectivo único, ou convenio que o substitúa, e que resulten do presente acordo, prorrogaranse ata a aprobación do que o substitúa.

**ÓRGANO DE VIXILANCIA: COMISIÓN PARITARIA DE VIXILANCIA, INTERPRETACIÓN E DESENVOLVEMENTO DO ACORDO**

1.– Créase unha comisión paritaria de vixilancia, control e interpretación do acordo, que entenderá da aplicación deste. A dita comisión estará composta polos delegados de persoal do Inega e o mesmo número de representantes da dirección do Instituto Enerxético de Galicia. Esta última parte comprométese a facilitar os locais onde terán lugar as reunións de traballo, así como a realizar as tarefas burocráticas destas. A comisión reunirse a petición dunha das partes no prazo de 15 días e, con carácter extraordinario, cando as circunstancias así o fagan preciso.

Os acordos tomaranse por unanimidade entre ámbalas dúas representacións e serán recollidos en acta. Os ditos acordos vinculan a ámbalas dúas partes nos mesmos termos que o presente acordo, e incorporaranse a el como anexo.

2.– Correspóndelle á comisión:

- a) A interpretación da totalidade do articulado ou cláusulas do acordo, nomeadamente no que se refire á adaptación das determinacións do convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia ás características do INEGA.
- b) A vixilancia do pactado.
- c) A facultade de conciliación previa naquelas cuestións que lle sexan sometidas de común acordo polas partes.